

GRANXA ESCOLA CORAZÓN DE CARBALLO - TOMIÑO

DATOS XERAIS: esta instalación está situada nunha zona medioambiental en contacto coa flora e a fauna rural, dispón dunha horta biolóxica, invernadoiro, talleres e aula de natureza.

ACCESO: estrada dirección Barrio Vilar, 45. Tomiño 36740

<https://g.page/CorazondeCarballo?share>

ENDEREZO: Barrio Vilar, 45. Tomiño (Pontevedra)

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES "AVENTURA NA GRANXA"
Do 20 ao 27 de xullo	10-11-12	Temática: a vida no medio rural e aventura na natureza As actividades adáptanse ao número de participantes e á súa idade. Desenvolveranse, entre outras actuacións, actividades de granxa (coidados e alimentación dos animais de granxa...), horta ecolóxica e compostaxe, obradoiros ecolóxicos (elaboración dun queixo, dun planisferio...), aula de natureza, actividades de aventura (interpretación ambiental, rastrexo, orientación...), actividades deportivas (grandes xogos temáticos, actividades acuáticas na piscina...), dinámicas de colaboración e habilidades entre equipos, xogos populares galegos, xogos de habilidades e talentos...
Do 31 de xullo ao 7 de agosto	10-11-12	O obxectivo fundamental é propiciar unha convivencia divertida e formativa acorde coa preservación do medio ambiente. NOTA: Para ser admitido neste campamento é necesario saber nadar.

NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado** (algunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude). No caso de que ningunha destas persoas poida acudir, a persoa que efectúe a recollida deberá presentar o impreso de autorización que se facilitará o día da recepción, xunto cunha fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou a solicitude de inscrición) e da persoa autorizada.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
4. **Horario de chamadas:** na información de recepción o equipo directivo comunicarlles ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao/á menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirán as chamadas fóra do horario sinalado por causa xustificada.

5. O centro conta con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberánse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Non está permitido levar comida ao campamento, salvo en casos de necesidade por motivos debidamente xustificadas e comunicados previamente.

8. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

9. Nesta web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)" están dispoñibles os modelos de documentos: declaración sobre a autorización de imaxes (anexo IV), modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese. En canto ao cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar (anexo III), este formulario soamente pode ser cuberto en liña (sede electrónica, carpeta cidadá) accedendo ao seu expediente e elixindo a acción "Documentación complementaria para a adxudicación".

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A incorporación realizarase o día do inicio da quenda correspondente, entre as **10.00 e as 13.00 horas** na granxa-escola Corazón de Carballo.

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación poden contactar co teléfono **986623398** durante os **tres días anteriores á incorporación** ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse **entre as 12:00 e as 14.00 horas** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

A equipaxe **débese preparar coa presenza do/a menor** para asegurarse de que recoñece toda a roupa que leva e evitar extravíos. **Tanto a roupa como outras pertenzas** (toallas, móbil e cargador, se é o caso, etc.) **deben ir marcadas** (por exemplo, coas iniciais do nome e apelidos cun rotulador permanente).

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Útiles de aseo
- Chaleco reflector
- Saco de durmir
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sombreiro ou gorra

- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupa interior suficiente para todos os días da quenda

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Cantimplora
- Sandalias pechadas con velcro
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiros ou forro polar...
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Chuvasqueiro
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno

O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h	Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h	Almorzo
09.30 h	Activa-T (desprazamento, de ser o caso).
10.00 h	Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h	Remate das actividades de mañá, recollida, desinfección do material e aseo
14.10 h	Xantar
15.00 h	Aseo
15.10 h	Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h	Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h	Remate das actividades de tarde, desinfección do material e recollida
20.10 h	Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h	Cea
21.30 h	Tempo libre xestionado
22.00 h	Escoita activa
22.20 h	Velada
23.30 h	Deitarse